



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 17-04-2023, ditou a Resolución 536/2023 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DE CONSERXE, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS.

EXPTE.: 2023/E001/000006

ANTECEDENTES

1. O Concello de Vimianzo ten na súa RPT o posto de conserxe do castelo. Estímase que o traballador que o ocupa solicite a baixa por paternidade.
2. O Concello de Vimianzo debe facer fronte durante todo o ano ao servizo de conserxería do Castelo e actividades complementarias na Casa da Cultura.
3. Por outra banda, O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, enuncia os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso á función pública e o sometemento pleno das administracións públicas á Lei e ao Dereito. Esta lei é de aplicación tamén ao persoal laboral que presta servizo nas Entidades Locais (artigo 2). E, segundo o artigo 8, o persoal laboral ten a condición de empregado público.
4. A Lei de Bases de Réxime Local dispón no artigo 91.2 que a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garanten, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.
5. A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regula o persoal laboral nos artigos 26 e ss.
6. Constan no expediente a providencia de Alcaldía e a proposta de bases.
7. Por Resolución de Alcaldía núm. 406/2023 do 20/03/2023 aprobáronse as bases, que foron publicadas integramente no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo e anunciadas mediante extracto no BOP núm. 58 do 24/03/2023. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto durante 10 días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación no BOP.
8. Consta o Informe de Rexistro con data do 05/04/2023 sobre a relación de persoas que se presentaron.

9. A Alcaldía, con data do 10/04/2023, ditou a Resolución 507/2023 pola que se aproba a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. O anuncio publicouse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo o día 11/04/2023 e, no prazo outorgado na base quinta, punto 7, de dous días naturais, segundo o informe de rexistro, solo presentou a subsanación a candidata Sandra Adelantado Domínguez.
10. Consta o informe sobre proposta de lista de admisión e exclusión da técnica de Desenvolvemento Local con data do 17/04/2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece no punto 1 que o contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora.

O artigo 21.1.g da Lei Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección.

Tense en conta o establecido na base quinta, punto 8: “Transcorrido o prazo anterior e resoltas as reclamacións, a Alcaldía ditará a resolución definitiva coa relación de persoas admitidas e excluídas, a composición do Tribunal e a data e lugar de celebración da fase da oposición”.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección destinado á creación dunha bolsa de traballo de conserxe para o Concello de Vimianzo:

PERSOAS ADMITIDAS

| NUM | EXP. | NOME | APELIDOS | DN* |
|-----|----------------------|----------------|-------------------------|---------------|
| 1 | 2023/ E002/000043 | SANDRA | ADELANTADO DOMINGUEZ | ***0677* * |
| 2 | 2023/ E002/000047 | ANTONIO | AGEITOS ANTELO | ***0384* * |
| 3 | 2023/ E002/000048 | PATRICIA | CARBALLO PEQUEÑO | ***0548* * |
| 4 | 2023/ E002/000051 | JUAN MANUEL | CASTRO LEMA | ***0151* * |
| 5 | 2023/ E002/000046 | JUAN RAMON | CASTRO TRILLO | ***5362* * |
| 6 | 2023/ | M. CRISTINA | PEREIRA INSUA | ***4281* |

| | | | | |
|---|----------------------|----------|--------------|---------------|
| | E002/000052 | | | * |
| 7 | 2023/ E002/000050 | DAVID | REY FIGUEIRA | ***2699* * |
| 8 | 2023/ E002/000049 | AZZEDINE | SAADI TAMINE | ***5319* * |

PERSOA EXCLUÍDA

| | EXP. | NOME | APELIDOS | DN* | CAUSA DE EXCLUSIÓN |
|---|----------------------|-----------------|-----------------------|---------------|---|
| 1 | 2023/ E002/000054 | JOSE GENARO | BARROS PENEDO | ***8733 ** | NON PRESENTA SOLICITUDE FORMALIZADA, NIN I.MÉDICO E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |
| 2 | 2023/ E002/000055 | MARIO | CASTIÑEIRA VAZQUEZ | ***1081 ** | NON PRESENTA TITULACIÓN E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |
| 3 | 2023/ E002/000044 | TAMARA | CORES PENA | ***1587 ** | Falta I. MÉDICO E PERMISO DE CONDUCIR E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |
| 4 | 2023/ E002/000045 | SUSANA MARIA | GARCIA CASTAÑO | ***6544 ** | PRESENTA PERMISO DE CONDUCIR CADUCADO E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |
| 5 | 2023/ E002/000056 | JOSE LUIS | NOVO IGLESIAS | ***2966 ** | FALTA I. MÉDICO E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |
| 6 | 2023/ E002/000053 | INMACULA DA | SANGIAO BASTIDA | ***9597 ** | NON PRESENTA SOLICITUDE NORMALIZADA NIN I.MÉDICO E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |

Segundo.- Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural do Concello de Vimianzo

Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo



Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo

Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, TAX do Concello de Vimianzo

1º vocal: María Nieves Lema Vilariño, técnica de Cultura do Concello de Vimianzo

Suplente: Sandra Abeijón Romero, traballadora social do Concello de Vimianzo

2º Vogal: Lorena Cernadas Soto, técnica administrativa de Informática no Concello de Vimianzo

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, tesoureiro do Concello de Vimianzo

3º vogal: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cee.

Terceiro.- Convocar ao tribunal para o día 19/04/2023, ás 9:00 na Casa do Concello de Vimianzo para a constitución e establecer o seguinte calendario para a realización das probas test da fase de oposición e de galego:

Data: 19/04/2023

Hora: 12:00

Lugar: Casa da Cultura de Vimianzo (sala de conferencias)

[...]"

Vimianzo, 17 de abril de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez